

---

## BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2023

### **BASE 47ª. SUBVENCÍONS NOMINATIVAS E DIRECTAS**

#### **Subvencións nominativas.**

No orzamento municipal para o exercicio 2023 contéplanse subvencións nominativas no capítulo 4 do estado de gastos, nos programas 231 (servizos sociais), 338 (festas parroquiais) e 341 (fomento deporte) por importe de 12.000,00€, 30.500,00€ e 15.000,00€ respectivamente co detalle que se indica na descrición da aplicación correspondente.

Unha vez entrado en vigor o orzamento de 2023, poderase levar a cabo a tramitación das subvencións nominativas anteriores, ben de oficio, ben a instancia de parte, neste último suposto o prazo límite para solicitar a tramitación da subvención é o 1 de outubro do ano en curso. En caso de superarse este prazo, se entende que se desiste da mesma, e a Corporación poderá destinar estes créditos a outra finalidade mediante a tramitación da correspondente modificación de crédito.

O instrumento polo que se regulará a subvención será, ben un convenio, ben o acordo de concesión. O seu contido mínimo será o relacionado no artigo 10.3 da Ordenanza reguladora da concesión de subvencións por parte do concello a asociacións e entidades sen fin de lucro e ás comisións de festas das distintas parroquias. Os gastos subvencionables deberán ser concretos, sen que se podan subvencionar gastos xenéricos de funcionamento, e debendo constar un prazo máximo de xustificación do 1 de novembro, salvo en casos debidamente motivados que poderá estenderse ata o 10 de decembro.

No expediente deberá constar a documentación relativa ás actuacións preparatorias que se relaciona no artigo 10 da devandita Ordenanza.

O coeficiente de financiamento máximo das subvencións para actividades correntes é de 0,80, salvo que se estableza outro diferente nestas bases ou nas bases reguladoras da subvención. Os perceptores deberán declarar calquera outro ingreso público o privado que financie dita actuación aos efectos de que se poña de manifesto que os ingresos non superan o custe da actividade subvencionada.

O réxime de pagamento da subvención será o previsto no artigo 14 da antedita Ordenanza e deberase acreditar que na actividade subvencionada figurou o logo do Concello de Porto do Son.



## ESTADO DE GASTOS DO ORZAMENTO DE 2023

Programa: 231 ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA

Clasificación		DENOMINACIÓN DAS APLICACIÓNS	CRÉDITOS INICIAIS
Programa	Económica		
231	48002	Subvencións Servizos Sociais. Misela	1.500,00 €
231	48003	Subvencións Servizos Sociais. Ambar	1.500,00 €
231	48004	Subvencións Servizos Sociais. A Creba	1.500,00 €
231	48005	Subvencións Servizos Sociais. Amicos	1.500,00 €
231	48006	Subvencións Servizos Sociais. Loa	1.500,00 €
231	48007	Subvencións Servizos Sociais. Cáritas	1.500,00 €
231	48008	Subvencións Servizos Sociais. Cruz Roja	3.000,00 €
Total Subvencions nominativas...			12.000,00 €